

## PROSA DE OBSERVATORIO: Poética da resistencia

Onte as 5 da tarde naceu Lorenzo, un *bimbo* italiano con nome de astro-rei (chamémoslle *Astro-boy*, dixo a nai en estado de graza, logo das drogas que lle axudaron a levar o parto a termino). Na noite fomos cear a unha ducia de galegos a un restaurante que un día foi portugués e no que agora serven *pavê de saumon sur compôte de pomme et figue caramélisée* (prato incharacterístico de Portugal). Ao deixar o restaurante, ía un frío de queimar as orellas, de xeito que en troques de ficar como pampos en despedida sen fin, a metade optou por ir ao quentiño da casa e a outra metade a unha festa privada onde tomar unhas copas e falar en linguas distintas da nosa. Chegou a mañá co anuncio da entrada no mundo de Lorenzo en forma de mensaxe telefónica. Agora estou tomando café (descafeinado, ese efecto colateral dunha xenética difícil, que me fai subir a presión arterial sen eu pór nada da miña parte). Aproveito para escribir unhas notas neste tránsito de idade (hoxe 55, que é un número cadrado, por oposición aos redondos que son os que rematan en cero). Ao meu carón dous vellotes de cabelo branco brillante e idade bastante para repartir e ficar sobrados, intercambian discos e libros, como nós cando nenos cambiabamos cromos de futbolistas ou de marabillas da natureza (aqueles álbumes fantásticos que tiveron o faiado como segunda vida). Catro mulleres na idade da transición hormonal definitiva comparten risos inmoderados e proxectos. Falan en inglés (distingo dous acentos, o italiano e o holandés, as outras teñen un sotaque máis neutro ou o meu ouvido non está hoxe para malabares) e só a risa as iguala no seu entusiasmo. Abro o xornal (comezando pola última páxina para que o susto sexa menor) e cando vou pola metade (xa desapareceran os deportes, a cultura e a economía, de cuxos sobresaltos semellamos vacinados) aparecen os ministros Wert (Cultura? Educación?) e Bañez (traballo?) e un acedume intenso agatuña polo esófago queimando as entrañas (podería atribuílo ao café, mais coido que esta vez son os ministros os que fan revolver as tripas). As cortinas de luces –típicas dun Nadal estándar- transforman a visión das rúas, desertas da xente

que onte peregrinaba en afoutos “comandos compradores”. Hai uns días en Galiza os gandeiros tiraban o leite pagado a prezo por debaixo do custe de produción e en Bruxelas centos de tractores colapsaban as rúas do barrio dos mandaríns. No suplemento do xornal dos domingos entrevistan ao Durão Barroso –mandarín máximo-, que lembrando o seu pasado maoísta dá mensaxes para copiar nun *dazibao*. As liberdades van mingando a ritmo crecente e as esperanzas dun mundo mellor para Lorenzo van polo mesmo camiño. Mais sempre hai esperanza. Quédanos a épica da resistencia poética, a celebración das marabillas que poidamos preservar, a conciencia de que un mundo mellor é posíbel -malia que ás veces custe acreditar- de que a literatura pode ser lugar idóneo para reconstruír a linguaxe política, a da liberación, a da fin das dicotomías, a da superación deste lastre hexemónico, desta xentalla alucinada que nos impón os seus credos lacerantes.

As drogas que axudan a nai no parto, o restaurante que foi portugués, unha ducia de galegos exiliados económicos dispostos na súa deriva cosmopolita a falar a lingua que se lles poña por diante, as trampas do código xenético, as reviravoltas das idades trocadas, o Nadal estándar que xa comeza a finais de novembro, os comandos compradores, os ministros que semellan cans de caza, o mandarín babexante, as liberdades minguentes... todo confluíndo nun punto, nunha encrucillada, onde a única saída é a poética da resistencia. Hoxe cumpro 55 anos e estou comezando a entender aquela frase célebre: “ cousas veredes que falan falar ás pedras!”.

Xavier Queipo, 9 de decembro de 2012